

# CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON CONTRARELOXO POR EQUIPOS V DUATLON CONCELLO DE VEDRA SÁBADO 17 DE FEBREIRO DE 2018

## ORGANIZA

- Club Olímpico de Vedra
- Concello de Vedra
- Federación Galega de Triatlón e P.M.

## PATROCINAN

- Ulla Oil S.L.
- Agua km Cero
- Diputación de A Coruña
- Abanca
- Galicia Saudable
- Deporte Galego
- Covirán Casa Carrillo
- Bicicletas Oliveira
- Ramsa Grupo Ferroatlántica
- Ocean Lava Galicia
- Gallaecian 111
- Triconcept
- Alquimao S.L.
- Galitiming

## COLABORA

- Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

## CONTACTO

- Juan Carlos Bouzón Picón
- Teléfono: 619713740
- Email: [olimpicodevedra@hotmail.com](mailto:olimpicodevedra@hotmail.com)

## DATA E LUGAR:

- Sábado 17 de febreiro de 2018
- Vedra. Avenida M. Manuel Gómez Lorenzo, 15885 Vedra.



# CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON CONTRARELOXO POR EQUIPOS V DUATLON CONGELLO DE VEDRA SÁBADO 17 DE FEBREIRO DE 2018

## HORARIOS

- Posta en marcha do reloxos as 15:00
- Saída do primeiro equipo campionato galego feminino as 16:20
- Saída do primeiro equipo campionato galego masculino as 17:00
- Saída prevista do último equipo as 17:30
- Os horarios son aproximados e poderán adaptarse en función do nº de equipos o que será publicado coa lista de inscritos.

## NÚMERO DE CARREIRAS:

- Haberá 3 carreiras
  - Proba Open (limitada a 60 equipos por rigorosa orde de inscrición).
  - Saída do primeiro equipo as 15:01 e do último as 16:00. Saen cada 1'.
  - Campionato Galego Feminino (sen límite)  
saída do primeiro equipo as 16:20 (saen cada 1')
  - Campionato Galego Masculino (sen límite)  
saída do primeiro equipo as 17:00 (saen cada 1')

## DISTANCIA

- Disputarase sobre distancia sprint (5 km carreira - 20 km ciclismo - 2,5 km carreira).

## PARTICIPACIÓN

- A participación é pechada aos clubs con licenza autonómica galega.
- Cada equipo terá entre 4 e 6 deportistas do mesmo sexo e club.
- Poderán combinarse dentro do mesmo equipo deportistas de distintas categorías de idade de cadete en diante.
- Os equipos iran uniformados do mesmo xeito, seguindo a normativa FETRI

## INSCRICIÓN

- **Para o campionato galego cada club soamente poderá inscribir un equipo masculino e un equipo feminino. Non haberá límite de equipos.**
- Na carreira Open cada club poderá inscribir cantos equipos desexe (B, C, D..) ata que se complete o cupo de 60 equipos. En caso de superarse o cupo de equipos inscritos abrirase a lista de espera.



# CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON CONTRARELOXO POR EQUIPOS V DUATLON CONGELLO DE VEDRA SÁBADO 17 DE FEBREIRO DE 2018

- As prazas concederanse por rigorosa orde de inscrición sen importar a categoría (masculina ou feminina) nin a cantidade de equipos que inscriba cada club.

## INSCRICIÓN DE EQUIPOS:

- **Ata o venres 2 de febreiro de 2018.**
- A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Competicións /Regulamentos-Inscricións. Picar sobre a carreira e ir ó enlace de **INSCRICIÓN DE EQUIPOS**. O pago faise a través de TPV.  
Para a inscrición os equipos deberán ter un mínimo de 4 e un máximo de 6 compoñentes.

## BAIXAS DE EQUIPOS E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓN

- **Ata as 24:00 do venres 2 de febreiro de 2018**, data de peche da inscrición de equipos, poderán darse de baixa os equipos sen custo algún. Deberán solicitarse ao correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com) . **A partir dese momento non se devolverán os importes das inscricións.**
- As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.
- No caso de inscricións incompletas, rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións

## INSCRICIÓN DOS COMPOÑENTES DOS EQUIPOS

- **Ata o martes 13 de febreiro**, a inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Competicións /Regulamentos-Inscricións. Pinchar sobre a carreira e ir ó enlace de **INSCRICIÓN COMPOÑENTES EQUIPOS**.
- Unha vez pechado este prazo non se poderá engadir ningún deportista á inscrición.

## CAMBIOS DOS COMPOÑENTES DOS EQUIPOS

- **Ata as 14:00 do xoves 15 de febreiro**, poderán efectuarse cambios dentro da composición dos equipos, serán enviados ó correo da Federación ([fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com)). **Estes cambios só se farán entre deportistas xa inscritos en prazo. Non se poderán engadir novas inscricións.**



# CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON CONTRARELOXO POR EQUIPOS V DUATLON CONGELLO DE VEDRA SÁBADO 17 DE FEBREIRO DE 2018

- **Dende ese momento non poderá efectuarse baixo ningún concepto cambios nos equipos.**

## PUBLICACIÓN LISTAS DE INSCRITOS:

- Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

## PREZO DA INSCRIPCIÓN:

- 80 EUROS POR EQUIPO

## CRONOMETRAXE

- A proba contará con cronometraxe electrónico.

## UBICACIÓN SAÍDA, TRANSICIÓN E META

- A secretaría, a area de transición, saída e meta da proba estarán situadas na "Pista Multiusos" situada na Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo. Coordenadas 42.773555, -8.485476

## RECOLLIDA DE DORSAIS

- Na Secretaría da proba entre as 12:00 e as 16:00

## CONTROL DE MATERIAL

- apertura as 13:30
- peche proba open 14:45
- peche campionato galego feminino 16:05
- peche campionato galego masculino 16:45
- **os compoñentes de cada equipo deberan pasar o control todos á vez e será obrigatorio portar licenza ou dni para calquera acceso á transición.**



# CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON CONTRARELOXO POR EQUIPOS V DUATLON CONGELLO DE VEDRA SÁBADO 17 DE FEBREIRO DE 2018

## REUNIÓN TÉCNICA

- 12:30 HORAS

## PREMIOS

- 1º equipo masculino e feminino do campionato galego 120,00 € e trofeo
- 2º equipo masculino e feminino do campionato galego 100,00 € e trofeo
- 3º equipo masculino e feminino do campionato galego 80,00 € e trofeo

## ENTREGA DE TROFEOS

- 18:45 HORAS

## CLASIFICACIÓN

- Campionato galego por equipos masculino
- Campionato galego por equipos feminino
- Open Masculina
- Open feminina

## SERVIZOS

- Polideportivo municipal de vedra:
  - reunión técnica
  - vestiarios, duchas e aseos.  
Coordenadas 42.773046, -8.483207
- pista multiusos
  - secretaría e gardarroupa  
Coordenadas 42.773555, -8.485476

## NORMAS DE COMPETICIÓN

- A carreira rexeráse segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición vixente da Federación Galega de Tríatlón e da Federación Española de Triatlón.
- Normativas FEGATRI.- <http://fegatri.org/federacion/estatutos/regulamentos/>
- Normativas FETRI.- <http://triatlon.org/triweb/index.php/fetri/2018-circulares/>



# CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON CONTRARELOXO POR EQUIPOS V DUATLON CONGELLO DE VEDRA SÁBADO 17 DE FEBREIRO DE 2018

## CÁMARA DE CHAMADAS E SAIDA:

- Os equipos deberán estar na cámara de chamadas **5 minutos antes** da hora asignada para a súa saída
- Os equipos tomarán a saída coa separación establecida polo Delegado Técnico da proba.
- O horario de saída de cada equipo será establecido e publicado unha vez pechada e confirmada a inscrición e salvo causa organizativa de forza maior non se modificará baixo ningún concepto.
- Na proba Open primeiro sairán os equipos femininos e despois os masculinos.

## ORDE DE SAÍDA NO CAMPIONATO GALEGO:

- Terase en conta para establecer as saídas do campionato galego o ranking de clasificación do Campionato Galego de equipos de 2017. Sendo o 1º clasificado masculino e o 1º clasificado feminino os últimos en saír de cada carreira, o 2º e 2ª os penúltimos e así sucesivamente.  
<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2016/11/CLASIFICACION%20-%20CAMPIONATO-GALEGO-DUATLON%20-%20CONTRARELOXO.pdf>
- A partir dos rankeados, para a orde de saída efectuarase un sorteo dos equipos femininos e outra dos equipos masculinos. O equipo que saia agraciado será o último en saír en cada categoría, previo aos rankeados. Establecéndose a orde de saída dos equipos por orde alfabética sendo o seguinte equipo o penúltimo en saír (antes dos rankeados) e así sucesivamente.

## ORDE DE SAÍDA NA PROBA OPEN

- A orde de saída na proba Open establecerase por sorteo seguindo o mesmo procedemento que no Campionato Galego. En último lugar os equipos B, precedidos os equipos C, D e así sucesivamente.

## PROCEDEMENTO DE SAÍDA

- Cada equipo tanto no Campionato Galego como na proba Open tomará a saída en conxunto e ao completo, na hora establecida.
- Os equipos que tomen a saída con retraso deberán esperar a que o oficial de saída lles permita iniciar a competición, nunca a menos de 30 segundos do equipo anterior e a súa hora de saída para ter en conta nas clasificacións será a que tiñan asignada.

## CICLISMO



# CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON CONTRARELOXO POR EQUIPOS V DUATLON CONGELLO DE VEDRA SÁBADO 17 DE FEBREIRO DE 2018

- equipamento permitido será o mesmo que o das competicións nas que non se pode ir a roda.
- A circulación será obrigada pola dereita.
- Está permitido ir a roda entre os compoñentes do mesmo equipo.
- Se un equipo alcanza a outro, non pode situarse a roda, nin bloquear ao equipo alcanzado.
- Durante os adiantamentos os equipos manterán a distancia lateral de 2 metros.
- Despois dos adiantamentos o equipo adiantado deberá retrasarse ata unha distancia de 25 metros detrás do equipo que o superou.
- O equipo que intentando adiantar non o acade no tempo establecido, deberá retrasarse tamén 25 metros. Se é necesario un oficial pode obrigar a manter esas distancias e aplicará as sancións correspondentes.
- Os deportistas descolgados do seu equipo non poderán ir á estela nin preceder a ningún outro equipo ou deportista descolgado.
- No caso de que un ou mais integrantes do equipo se atopen descolgados a máis de 30 segundos do seu equipo deberán abandonar a competición.
- Os compoñentes dun equipo poden axudarse entre si, (por exemplo coas reparacións, avituallamento, empuxando, etc.) pero sen a axuda de elementos externos de competición.

## CARREIRA

- Os compoñentes dun equipo poden axudarse entre si, pero sen a axuda de elementos externos á competición.
- No caso de que un ou mais integrantes do equipo se atopen descolgados a máis de 30 segundos do seu equipo deberán abandonar a competición.

## ÁREA DE TRANSICIÓN

- A área de transición incluírá unha zona de espera, próxima á saída da mesma, onde os deportistas poderán esperar aos outros compoñentes do equipo.
- Os equipos non poderán saír ata que estean presentes ao menos 4 dos seus compoñentes.
- 5º e 6º compoñentes terán unha marxe de 30 segundos para abandonar a área de transición. Pasado este tempo non poderán saír ao seguinte sector.

## CRONOMETRAXE E RESULTADO

- O tempo do equipo será o do cuarto deportista que chegue á meta.

## SUPERLIGA BEONE

A inscrición nesta proba permitirá participar na SUPERLIGA BEONE organizada, fora do ámbito federativo, polos clubs: Club Olímpico de Vedra, Triatlón Arcade Inforhouse



# CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON CONTRARELOXO POR EQUIPOS V DUATLON CONCELLO DE VEDRA SÁBADO 17 DE FEBREIRO DE 2018

Santiago, Club Triatlón Vilagarcía-Atenas Running VDA, Ad Náutico de Narón e Club Natación Cedeira Muebles García.

Para facer a inscrición do Club nesta Superliga, débese responder á pregunta do formulario de inscrición habilitada para iso no momento de facer a inscrición dos equipos no Campionato Galego.

Enlace: [https://docs.wixstatic.com/ugd/f58556\\_700b93a8495c487b891eb41427d16e57.pdf](https://docs.wixstatic.com/ugd/f58556_700b93a8495c487b891eb41427d16e57.pdf)

Para máis información: <https://superligagalega.wixsite.com/beone>

Email: [superligagalega@gmail.com](mailto:superligagalega@gmail.com)



AGUA  
KM CERO



//ABANCA

